

EMENDA Á TOTALIDADE

DOCUMENTO: TESE ORGANIZATIVA (PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS)

EN DEFENSA DO PROXECTO XENUÍNO DE ANOVA

Anova naceu co propósito de “recuperar a dignidade dunha acción política baseada na radicalidade democrática; nos principios republicanos de igualdade, liberdade, fraternidade e laicidade; na conciencia sobre os límites ecolóxicos do planeta; na loita contra calquera caste de discriminación; na permanente fiscalización por parte da cidadanía dos elixidos e elixidas e en que a orientación das políticas, en todos os ámbitos, deberá sempre estar presidida pola defensa do benestar das maiorías sociais e a defensa das minorías oprimidas, en definitiva, na procura do ben común.”

Así, Anova concíbese coma unha ferramenta, un medio e non un fin en si mesmo, unha canle para o empoderamento da sociedade civil organizada e activa do noso país expoliado; unha organización de carácter nacionalista, expresión política do galeguismo, e enmarcada tanto na tradición plural da esquerda como nas novas expresións da mesma.

As deficiencias de funcionamento de Anova non son de modelo organizativo, senon que viñeron de que non se respectaron os principios ético-políticos e Estatutos fundacionais, do abandono do proxecto estratéxico definido claramente nos textos fundacionais e dunha I Asemblea Nacional na que á marxe do regulamento se forzou a elección non estatutaria da Coordinadora Nacional – impedindo unha representación proporcional á realidade interna de Anova – e da Portavocía nacional, escollida por separado a xeito dunha Secretaría Xeral.

O modelo organizativo de Anova está a ser violentado pola nova Permanente, pretendendo someter a autonomía das asembleas territoriais dende arriba, vencellando grupos de traballo a áreas da Permanente, sen autonomía para deliberar e propoñer e así favorecer o debate de ideas.

O devir de Anova dende a I Asemblea Nacional afastou o horizonte da militancia única, pero, para que Anova poida ser cada vez máis un instrumento independente e implantado no país, debe retomar ese camiño e propoñerse a fixación dun prazo relativamente breve para acordar a militancia exclusiva en Anova, porque non é admisible a existencia de estruturas incompatibles co tipo de organización que somos.

Anova porá en práctica o seu modelo orixinario, que cómpre desenvolver, fronte a quen procura unha organización vertical e centralizada, con poderes concentrados na Coordinadora Nacional e eliminando a autonomía organizativa das asembleas.

Anova debe desenvolver o seu modelo horizontal, assembleario, aberto, non dirixista na actuación social e que permite a militancia individual, facendo innecesaria a pertenza ou conformación de colectivos que non sexan a propia Anova; un modelo organizativo onde cada persoa aporte o que poida e queira.

Polo tanto, Anova ratifícase no consenso fundacional e mantén os Principios Organizativos, Estatutos e Principios Ético-políticos vixentes, froito do consenso constituínte.

Galiza, 30 de setembro de 2014.